









tempus das letras

XELA ARMAES

Rais 2021

Día de Rosalía



SUMARIO

Exposición ENERGY CHALLENGE	1
Correlingua con ALDAOLADO	1
25 de novembro	2
25-N: Póster premiado	3
25-N: Póster premiado	4
25-N: Póster premiado	5
Premios #PASCHEuropaChallenge	6
Exposición itinerante Outros Mundos	8
Visita a exposicións madeiras	8
Capacidade creativa	8
Números complexos: As Matemáticas detrás do wifi	9
Formación en emprendemento STEM	9
NÓS de onte a hoxe. Cen anos de historia	9
Entroido	10
Proxectos STEM	11
Concentración de proteínas nos leites e bebidas vexetais	11
Propagación de variedades galegas de árnica montana	12
A PCR como ferramenta para detectar fraude alimentaria	13
Simulador de ondas sísmicas	13
Sucesión de Fibonacci na natureza	14
Día internacional das mulleres e as nenas na ciencia	16
As mulleres nas telecomunicacións: pasado e presente	16
Como sobreviven as miñas neuronas vivindo da ciencia	17
Que poden facer os números por ti	17
Certame “As imaxes do patrimonio”	18
Día de Rosalía	19
Día internacional da muller	20
A miña muller marabilla	21
Deberíanse aplicar medidas anticovid en situacións post-covid?	23
Voluntariado na biblioteca	25
ERASMUS BET: intercambio virtual	26
Concurso de pintura do Goethe-Institut Tokyo	27
Como é a nosa auxiliar de conversa de Alemán?	28
Entrevista a Anne, Lidia e Vanessa	29
Os ríos como fonte da vida e da arte	31
Acercamento á linguaxe de programación Python	33
Visita de Irene Pin	33
Entrevista a dous deportistas do ciclo	34
A película non desexada	35
Letras Galegas	36

EXPOSICIÓN ENERGY CHALLENGE

A Fundación Naturgy trouxo a Lugo a Energy Challenge, "unha experiencia itinerante e innovadora para achegar aos máis novos coñecementos actualizados sobre a transición enerxética, a economía circular, a calidade do aire e as novas tecnoloxías enerxéticas". Empezamos o curso cunha actividade complementaria que puido ser gozada por varios grupos de alumnos e alumnas de ESO.



Alumnado do instituto no interior da instalación

Nesta actividade, que se desenvolveu durante os días 4, 5 e 6 de novembro, os rapaces e rapazas simularon formar parte da tripulación dun voo espacial que despegaba da terra. Durante a "viaxe" recibiron información sobre aspectos negativos do desenvolvemento tecnolóxico, sobre o planeta (contaminación, xeración de residuos, sobreexplotación dos recursos, quecemento global), así como posibles medidas para paliar estes efectos, como son o aproveitamento do material de refugallo para a xeración de enerxía e o concepto de economía circular.

CORRELINGUA CON ALDAOLADO



Aldaolado, cantando entre "ches" e "tes"



Alumnado de 3º ESO

Correlingua ofreceunos esta actividade con formato musical e humorístico, en lugar da tradicional carreira pola lingua que viña celebrándose desde o ano 2000. O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes

participou no Correlingua 2020, un evento arredor do idioma galego que, debido ás actuais restricións sanitarias, cambiou de formato. No canto da tradicional carreira escolar, este ano fíxose unha actuación de música e literatura. Lucía Aldao e María Lado, compoñentes do dúo "Aldaolado" ofreceron un recital cheo de humor e música ao alumnado de 3º de ESO. Grazas a Correlingua por nos regalar este recital.



Aldaolado

25 DE NOVIEMBRE

O día internacional da eliminación da violencia de xénero contra a muller conmemórase actualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo.

A convocatoria foi iniciada polo movemento feminista latinoamericano en 1981, para recordar o asasinato en 1960 de tres irmáns na República Dominicana. Non foi ata o 17 de decembro de 1999 cando a Asemblea Xeral das Nacións Unidas asumiu esta reivindicación, entendendo por violencia contra a muller “todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas da tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na privada”

A Biblioteca do instituto e o departamento de Educación Plástica e Visual organizaron un concurso de pósters entre o alumnado. O valor simbólico das obras foi extraordinario e amosan o alto grao de concienciación que xa temos conseguido respecto deste tema entre a nosa rapazada. Os premios ao concurso falláronse o día 2 de decembro, resultando tres obras gañadoras, creadas por: Sabela Rojo Medina de 1º de ESO, Laura Irea Sanjurjo, de 3º de ESO e Carla Rodríguez de 1º de BAC. Vendo a fotografía de parte do mural imaxino o difícil que foi decidir.



Mural do 25-N no corredor, onde parecen parte dos traballos presentados

25-N: Póster premiado

No meu debuxo quixen representar a dor e sufrimento das moitas persoas que foron e son maltratadas na súa vida, aínda que aquí estea centrado no maltrato á muller.

AUTORA: Carla Rodríguez (1º de BAC).




25-N:Póster premiado

Centreime principalmente no abuso psicolóxico. A araña representa ao agresor, que sempre está encima da vítima intentando influír nas súas decisións. A tea de araña representa o esquecemento das prioridades, do que un mesmo quere, amosado coma caixas, unha delas no chan, desorde e confusión.

A arañeira tamén ten outro significado, o central, xa que cando as arañas capturan os insectos que quedan retidos na súa tea poden facer o que queiran con eles. Non te vas por medo ao que a outra persoa poida facer.

AUTORA: Laura Irea Sanjurjo (3º ESO)



25-N:Póster premiado

As mulleres non somos un xoguete, non poden xogar con nós. E non todas temos un pelo loiro e longo. Na Idade Media todas as mulleres ían en vestido ou saia e por iso agora todos estamos acostumados a debuxar a unha muller con vestido ou saia, pero iso ten que cambiar.

Todo o mundo asocia a cor rosa coas nenas, pero se ti lle preguntas á metade das nenas vanche dicir outra cor. Mais o importante non é o de fóra, senón o de dentro.

AUTORA: Sabela Rojo Medina (1º de ESO)



PREMIOS

#PASCHEuropaChallenge

O Goethe Institut, dentro da iniciativa Pasch, organizou o concurso Europa Challenge para todos os alumnos dos centros Pasch de toda Europa. Os participantes do noso centro foron os alumnos tanto de 1º coma de 2º de Bacharelato que cursan alemán.

O departamento de alemán e toda a comunidade educativa celebra ter tres alumnas gañadoras entre todos os participantes: **6º premio** para **Ana Bruzos González** de 1º de BAC G, **8º premio** para **Sabela Saavedra** de 1º BAC E e **Alba López Bruzos** de 2º BAC F.

Parabéns!

Ana Bruzos González (1º BAC)

No primeiro trimestre deste curso 2020-2021 varios alumnos do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes participamos dende a materia de alemán nun concurso organizado dentro da rede de centros PASCH, centros colaboradores co Goethe Institut que buscan fomentar a aprendizaxe do alemán.

O challenge baseábase en expresar nun vídeo o que para nós é a Unión Europea, que significa formar parte dela e os valores que nos transmite, que vantaxes atopamos nela e que desexamos para o seu futuro a curto e longo prazo.

Isto levounos a facernos preguntas, a un período de investigación e reflexión sobre algo que antes non pensáramos; está claro que estamos tan acostumados a formar parte da UE que o pensar sobre o que nos aporta ou sobre a identidade que nos dá como cidadáns pode chegar a resultarnos unha perda de tempo. Para os mellores vídeos había unha serie de premios e o primeiro era realmente espectacular, unha viaxe a Berlín e a Bruxelas!.





Esta experiencia servíume para descubrir todas as cousas da miña vida que non serían posibles ou polo menos, non tan sinxelas, sen formar parte da UE como por exemplo, o comprar produtos por Internet doutro país da Unión sen ter que pagar dereitos de aduana.

Ademais, foi unha oportunidade para continuar evolucionando na aprendizaxe do alemán ao descubrir vocabulario novo dun ámbito diferente como é o da economía ou o da política.

O tempo de preparación do meu vídeo foi de unha semana para pensalo e unha tarde para facelo. Non tiña claro cal debía ser o punto de partida. Porén, si que sabía o que quería expresar. A idea chegou de repente; un dos meus hobbies é debuxar, así que decidín que o meu vídeo fosen debuxos.

Tratei todos os puntos a través de imaxes e palabras a cámara rápida en un minuto puiden retransmitir valores como a unidade e a solidariedade ou desexos como o progreso e a prosperidade.

O que non me esperaba era quedar en quinto


posto e así foi.

O premio que recibín foi un paquete sorpresa da UE consistente nunha sudadeira, unha camiseta, unha máscara, un pano e un diploma.

As miñas compañeiras Alba López Bruzos de 2º de BACH e Sabela Saavedra Ródriguez de 1º tamén gañaron un paquete da UE ao quedar en oitavo posto.

En definitiva, esta foi unha experiencia distinta que nos serviu a todos os que participamos como unha axuda no evolucionar como persoas, como estudantes de alemán e como cidadáns da Unión Europea.





EXPOSICIÓN ITINERANTE OUTROS MUNDOS

Alumnado do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes visitou a exposición itinerante Outros mundos. Viaxe polo sistema solar da man de Michael Benson os días 21 e 22 de decembro e o día 12 de xaneiro.

Fundación “La Caixa” e o Concello de Lugo trouxeron esta exposición que conta con corenta impactantes imaxes dos planetas do noso sistema solar, captadas polas sondas da NASA e da ESA, e seleccionadas e tratadas polo fotógrafo estadounidense Michael Benson.

Trátase dun legado visual no que non se debe valorar soamente a súa importancia científica, senón tamén por ser un capítulo singular na historia da fotografía.

VISITA A EXPOSICIÓNS MADEREIRAS




CAPACIDADE CREATIVA



Raquel Westphal Márquez e Manuel Sanjurjo Penas, graduados en Belas Artes protagonizaron un encontro sobre capacidade creativa, xunto coa profesora de Educación Plástica Rocío López.

NÚMEROS COMPLEXOS: AS MATEMÁTICAS DETRÁS DO WIFI



O alumnado de 1º de Bacharelato do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes asistiu o pasado venres días 15 de xaneiro de 2021 á conferencia “Números complexos: as matemáticas detrás do Wifi” impartida por Anxo Tato Arias, enxeñeiro-investigador na Área de Comunicacións Avanzadas do centro tecnolóxico vigués GRADIANT, onde participa en diversos proxectos de comunicacións móbiles e satelitais.

FORMACIÓN EN EMPRENDEMENTO STEM

Primeira sesión da formación programada sobre emprendemento e STEM, dentro do proxecto europeo TEMP-PHERECLOS, no que participa o IES Nosa Señora dos Ollos Grandes xunto coas universidades de Santiago de Compostela e Porto, ademais doutros centros de Galicia.



NÓS DE ONTE A HOXE. CEN ANOS DE HISTORIA

O alumnado de 4º da ESO (grupos C e D), asistiu o venres 22 á charla - coloquio: “Nós de onte a hoxe. Cen anos de historia”, impartida pola catedrática de Lingua galega e Literatura da Universidade da Coruña, María Pilar García Negro.



Antes de comezar a súa exposición sobre o Grupo Nós e a súa importancia na nosa literatura, Pilar García Negro mostrou a súa quenenza pola nosa cidade, xa que naceu aquí, e tamén polo noso instituto, no que cursou os seus estudos preuniversitarios.

Despois dunha breve exposición sobre o Grupo Nós e o seu papel decisivo na sociedade galega de comezos do século XX, iniciouse un

coloquio coa conferenciante, no que o noso alumnado se mostrou moi participativo e interesado por este tema.

Para rematar, Pilar García Negro, recitou un poema de Ricardo Carvalho Calero, do seu libro Vieiros, dedicado á cidade de Lugo e titulado “Parque”.

ENTROIDO

O venres 12 de febreiro un zapato de cada cor, unha saia, podemos adornar a cabeza co complemento que nos pete... Chegou o Entroido e non faltaron personaxes ben logradas. Animáronse moitos, tanto entre o alumnado coma entre o profesorado.



PROXECTOS STEM-BAC

Esta iniciativa, pretende fomentar a vocación do alumnado cara á investigación científica e tecnolóxica, mediante unha metodoloxía que lle facilite a incorporación e adaptación á ensinanza universitaria.

Os alumnos participantes nesta convocatoria fixeron o 8 de febreiro a exposición pública dos seus traballos científicos no salón de actos do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.

O STEMBACH, inclúe o desenvolvemento dun proxecto de investigación, contribúe a afondar no traballo das competencias matemática, científica e tecnolóxica mediante os elementos e os procedementos da investigación e o método científico, dunha maneira rigorosa, ordenada e crítica.

Os proxectos presentados foron: "Simulador de ondas sísmicas" por Daniel Liz Paredes e Ánder Sánchez Penas, "Sucesión de Fibonacci na natureza" por Iria Carballido Penas e Alejandro González de la Fuente, "Concentración de

proteínas nos leites e bebidas vexetais" por Marta Capón Saa e Marta Rodríguez Villamor, "Propagación de variedades galegas de Arnica Montana L. por cultivo in vitro" por Carmen Barreiro Álvarez, Carlos López Vila e Nuria Blanco López e "A PCR como ferramenta para a detección de fraude alimentario" por Aurora A. Cabado Goás.

O día 18 de febreiro, o alumnado STEM recibiu o seu diploma que acredita o bo traballo feito.

Parabéns!!

CONCENTRACIÓN DE PROTEÍNAS NOS LEITES E BEBIDAS VEXETAIS

Marta Rodríguez Villamor e Marta Capón Saá

Alumnas de 2º BAC


Neste proxecto medimos e comparamos as proteínas de diferentes tipos de leites (cabra, vaca e ovella) e bebidas vexetais (soia e avea) empregando o método de Lowry, este método é unha técnica fotométrica (o que quere dicir que se basea no feito de que as substancias coloreadas absorben a luz en proporción á súa concentración, canta máis substancia está

disolta máis luz absorbe, entón se medimos canta luz absorbe a disolución podemos determinar canta substancia hai nela) e está baseado no emprego de dous reactivos: reactivo A e B, este último tamén coñecido como Folin-Ciocalteu.

O reactivo A preparámolo coa mestura de tres reactivos (a, b e c) e o B xa viña elaborado nun bote.

- Proteínas da mostra do leite de vaca: 22.8 g/100 mL.
- Proteínas do leite de vaca: 12g/100 mL.
- Proteínas do leite de cabra: 21.6g/100 mL.
- Proteínas do leite de ovella: 31g/100 mL.

- Proteínas da bebida de soia: 15.6g/100mL.
- Proteínas da bebida de avea: 5.61g/100mL.



Na nosa hipótese, nos opinabamos que a cantidade de proteínas en todos os leites sería semellante e o que variaría sería a súa calidade proteica. Cos datos obtidos vimos como a nosa hipótese era errónea xa que hai moita variedade na cantidade de proteínas, por exemplo o leite de ovella danos 31 g/mL e no de avea 5.61 g/mL, habendo unha diferenza entre estes dous resultados de 25.39 g/mL.

PROPAGACIÓN DE VARIEDADES GALEGAS DE ÁRNICA MONTANA

Carmen Barreiro Álvarez, Carlos López Vila e Nuria Blanco López

Alumnas e alumno de 2º de BAC



Árnica montana L. é unha especie endémica da Europa oriental en perigo de extinción. Debido ás súas valiosas características medicinais e ao seu valor natural, a súa conservación é crucial. Para a realización deste proxecto empregáronse as variedades galegas de Terra Cha e Ancares, debido á inexistencia de estudos previos sobre a multiplicación in vitro destas poboacións. O

método escollido para a micropropagación dos explantos foi a sementeira in vitro e posterior cultivo de ápices e nós en medio semisólido de agar. O proxecto consistiu en catro ensaios: xerminación, multiplicación, enraizamento e aclimatación. Para realizalos, tomamos como referencia outros estudos sobre a micropropagación desta especie para escoller as concentracións e os tipos de fitohormonas que iamos usar.

Conclusións:

As variedades ensaiadas poden ser micropropagadas por cultivo in vitro.

As concentracións de compostos hormonais deste protocolo deben adecuarse ás necesidades das variedades de *Árnica montana* L.

Ambas variedades posúen un alto enraizamento espontáneo, polo tanto non é necesario transferir os brotes a outros medios. A aclimatación en

condicións estándar é totalmente exitosa.

As sementes de ambas variedades de *Árnica montana* L. teñen un alto índice de xerminación espontánea, polo que a utilización de citoquininas non é rendible.

A PCR COMO FERRAMENTA PARA DETECTAR FRAUDE ALIMENTARIA

Aurora Aida Cabado Goás

Alumna de 2º de BAC

Este proxecto ten como obxectivo identificar as especies de salmónidos que se venden en supermercados e comprobar que o que se vende é realmente o que se anuncia. Neste caso, escollemos a especie *Salmo trutta* e a *Salmo salar*. Para cumprir co noso obxectivo, empregamos a Xenética como base. Contamos cuns marcadores xenéticos que amplificamos coa técnica da reacción en cadea da polimerasa (PCR polas súas siglas en inglés Polymerase Chain Reaction). Os resultados obtidos neste proceso analizámoslos mediante unha electroforese en xel de agarosa.

Todo este proceso levounos á conclusión de que os supermercados nos que mercamos os peixes obxecto do experimento están axeitadamente identificados como *Salmo trutta* e *Salmo salar*, é dicir, non cometen fraude alimentaria con estas especies.



SIMULADOR DE ONDAS SÍSMICAS


Daniel Liz Paredes e Ánder Sánchez Penas

Alumnos de 2º de BAC

O obxectivo deste proxecto é a elaboración dun dispositivo capaz de simular ondas sísmicas para poder ensaiar o comportamento fronte a estas de diferentes infraestruturas.

Cun microcontrolador (Arduino) un servomotor e un sistema mecánico composto por un piñón-cremalleira construímos un sistema móbil dentro dun caixón. O servomotor xera un movemento circular, e o piñón cremalleira convérteo en lineal, que se pode transmitir a unha estrutura grazas ao sistema móbil do caixón modificado.

O microcontrolador, manexado por un “keypad”, permítenos xerar vibracións diferentes.



Con estes elementos podemos simular ondas sísmicas que se transmiten con distintas frecuencias. Isto é útil porque as frecuencias dependen do tipo de terreo polo que se transmiten. Feito isto podemos observar que nunha simulación de baixas frecuencias unha edificación con distribución de pesos superior oscilaría máis. No caso de frecuencias altas oscilaría máis unha edificación con distribución de pesos inferior.

SUCESIÓN DE FIBONACCI NA NATUREZA

Iria Carballido Penas e Alejandro González de la Fuente

Alumnos de 2º de BAC

A orixe deste traballo ven propiciada pola nosa inquietude de experimentar na natureza e poder coñecer e descubrir patróns sinxelos que se esconden nela e ata este momento descoñeciamos. Dende o momento que nos explicaron o tema tiñamos claro que o elixiriamos e levamos acabo unha pescuda de información en diversas páxinas de internet citadas na webgrafía e en documentos que nos facilitaron.

Este traballo reúne as características idóneas para nós, xa que ten un punto de vista biolóxico e un gran punto de vista matemático, a mestura perfecta. Antes de informarnos, os concordábamos en que ó noso redor atopábanse patróns e modelos, aínda que non sabiamos da súa orixe ou forma, e non eramos capaces de recoñecer. Como principal obxectivo propoñémonos coñecer mais o noso entorno e natureza e para iso e necesario poder coñecer a procedencia ou xustificación de certos aspectos cotiáns que deriven da sucesión de Fibonacci.

A orixe desta sucesión remóntase ó Antigo Exipto e, posteriormente, á India. Porén, o estudo desta sucesión e o afondamento no tema non chegaría a terras europeas ata ou 1202 grazas ó Liber Abaci, escrito non cal Leonardo de Pisa presentaba esta sucesión.

O traballo de Leonardo continuaríao tempo despois Edouard Lucas, quen decidiu nomear esta sucesión como Fibonacci por Leonardo de Pisa.

A nivel teórico esta sucesión esta composta por unha progresión de números tales como 1,1,2,3,5,8,13,21...

Esta sucesión basease na obtención de novos termos a través da suma dos seus dous díxitos anteriores, a excepción do primeiro e segundo elemento, debido a que non existen dous termos anteriores. Dada esta situación, podemos establecer a súa fórmula como $F_{n+1}=F_n+F_{n-1}$ sendo n calquera número positivo maior ou igual ca 2.

A sucesión de Fibonacci ten unha serie de longos traballos e que non nos deixaron diversas propiedades que serán explicadas ó longo do traballo e de seguro chamán a atención.



Sorprende atopar unha estreita relación entre a sucesión de números e a natureza, pero o certo é que a sucesión de Fibonacci está presente en numerosos aspectos da vida cotiá, seres ou obxectos da natureza. Entre todos eles destacan o reino das plantas e o estudo desta relación coas matemáticas, a filotaxi. Esta rama da botánica estuda a distribución dos elementos

dunha planta. Se nos fixamos na orixe grega desta palabra darémonos conta de que significa ordenación das follas arredor dun tallo.

Ademais atópanse outros numerosos exemplos....



Todo este traballo foi posible grazas a un equipo grande de profesores e profesoras, coordinado por **Pilar Fernández Illán**, ademais do esforzo dos alumnos e alumnas.

Profesores da U.S.C. que actuaron de titores:

Carlos Núñez, Juan Luis Fernández e Manuel Vilar (profesores da Politécnica).

Ramiro Barja (profesor do Grao de Bioquímica).

Jaime Castro (profesor de Veterinaria)

Profesores do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes que actuaron como titores:

Covadonga Yuqueros, Carlos Villamor, Aida Fráiz e David Díaz.


DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES E AS NENAS NA CIENCIA

En setembro de 2016, un grupo de persoas do campo científico, de xeito totalmente voluntario e sen ánimo de lucro, lanzaron a Iniciativa 11 de febreiro. Con ela pretenden encher as axendas de actividades que conmemoren o Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, que axuden a facer visible o traballo das mulleres científicas, xeren roles femininos nos campos da ciencia e a tecnoloxía e que promovan prácticas que favorezan a igualdade de xénero no campo científico-tecnolóxico.

Dentro deste marco o IES Nosa Señora dos Ollos Grandes concertou as charlas.

Como sobreviven as miñas neuronas vivindo da ciencia impartida por Iria Gonzalez-Dopeso Reyes, investigadora do CENTRE NATIONALS DE LA RECHERCHE FRANCAISE CNRS, a charla A muller nas telecomunicacións: pasado e presente, impartida por Rebeca P. Díaz Redondo da UNIVERSIDADE DE VIGO e a charla Que poden facer os números por ti?, a cargo de Isabel Neira profesora da USC.

“A MULLER NAS TELECOMUNICACIÓNS: PASADO E PRESENTE”



Momento da videoconferencia de Isabel Neira

A conferencia foi impartida por Rebeca P. Díaz Redondo, Doutora Enxeñeira de Telecomunicacións e profesora titular do Departamento De Enxeñaría Telemática da Universidade de Vigo, a través de medios telemáticos no salón de actos do centro, cumprindo tódalas medidas covid. Asistiron estudantes de TIC I, de 1º de BAC. Nesta conferencia puidemos facer un pequeno percorrido polas vidas das mulleres adicadas á ciencia e a investigación, dende aquelas que foron ignoradas, as

que tardaron en obter o seu recoñecemento, e ata hoxe en día, onde a presenza é maior pero aínda segue sendo mínima. Tamén tivemos a oportunidade de escoitar a varias investigadoras, falando da súa faceta profesional e os seus proxectos actuais.

E fomos coñecedores da iniciativa [#NoMoreMatildas](#), que promove devolver a todas as científicas ignoradas ao lugar que lles corresponde, comezando polos libros de texto,

para que tódalas nenas que queiran adicarse á ciencia teñan modelos de referencia e poidan acadar o que se propoñan, xa que o talento non é xénero.

COMO SOBREVIVEN AS MIÑAS NEURONAS VIVINDO DA CIENCIA

Iria Gonzalez-Dopeso Reyes, estudou no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, e na facultade de bioloxía da USC. Graduouse no 2000 e doutorouse en Histoloxía. Sempre tivo claro que quería ser investigadora e nestes momentos traballa no Instituto de Xenética Molecular de

diferentes partes de noso corpo ou aos órganos para reaccionar. Así parece simple, pero para poder facer isto ten que ser moi plástico, adaptarse moi rápido, aprender e ter memoria, pero tamén necesita esquecer.

Para poder levar a cabo esta importante función o cerebro ten diferentes tipos de células: por un lado están as neuronas que se encargan de recibir e de transmitir a información nerviosa, e por outro lado están as células de soporte e de defensa.

As neuronas no son todas iguais, no cerebro existen diferentes tipos. O seu traballo principalmente consiste en facer mapas de tipos de neuronas, para iso utiliza o feito de que diferentes tipos de neuronas expresan diferentes proteínas. Así que, basicamente, fai mapas do cerebro para poder entender como funciona e como se conectan os diferentes tipos de neuronas e o que está pasando nun cerebro enfermo.



Momento da videoconferencia de Iria González

Montpellier, IGMM, pertencente ao CNRS, que é equivalente ao CSIC español.

Nesta conferencia Iria disertou sobre o cerebro, un órgano complexo que ten a función de recibir os sinais do exterior, interpretar que está pasando ao noso arredor e enviar as sinais necesarios a

QUE PODEN FACER OS NÚMEROS POR TI



Alumnado de 4º de ESO asistindo á conferencia de Isabel Neira

Alumnos de 4º ESO asistiron á Conferencia Que poden facer os números por ti, enfocada en referentes científicas que aportaron valor en áreas de estatística e as novas tendencias de Data Science. Esta conferencia foi impartida por Isabel Neira, profesora de Economía da USC, experta en Economía do comportamento e emprendemento.

CERTAME “AS IMAXES DO PATRIMONIO”

Alumnos do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes recibiron os premios do concurso As Imaxes do Patrimonio da man da profesora responsable do certame, M^a del Mar Neira González, e do director Francisco Nuñez Aguado.

Dentro do programa Erasmus + “Let’s Bring Together for heritage” (BET), vimos de convocar un certame de imaxes sobre o Patrimonio Cultural Inmaterial, definido pola Unesco como «polas tradicións orais, as artes do espectáculo, os usos sociais, os rituais, os actos festivos, os coñecementos e prácticas relativas á natureza e ao universo e os saberes e técnicas vinculadas á artesanía tradicional». Atopamos na fotografía

un valioso material documental. Son moitas as imaxes que se tomaron das expresións culturais espaxadas ao longo de Europa.

Con esta iniciativa preténdese recuperar e difundir fotografías antigas con valor patrimonial ó mesmo tempo que facemos una comparativa do patrimonio inmaterial cos nosos socios europeos.



PRIMEIRO PREMIO para Paula Jove Moreda de 1º ESO

A Sega no Buriz



TERCEIRO PREMIO para Sofía Abraldes de 4º de ESO:

Palleiro



SEGUNDO PREMIO para Iker Fouz Novás de 2º ESO:

O meu querido avó

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Foron varias as actividades que contribuíron a homenaxear a Rosalía de Castro o 24 de febreiro. O Departamento de Lingua Galega organizou un recitado de no que participaron alumnado e profesorado, xunto coa asociación Down Lugo. Alumnado de Educación Plástica e Visual, coa profesora Rocío López Valcárcel e a Biblioteca, crearon retratos de Rosalía. E alumnado e profesora de Artes Escénicas e Danza “bailaron” ao son de “Dicen que no hablan las plantas...”

ROSALÍA SEMPRE VIVA EN NÓS!



Ofrenda floral no parque de Rosalía de Castro



Alumnado de 3º ESO recitando poemas

Para celebrar o Día de Rosalía, o alumnado de 3º de ESO F acudiu ao parque do mesmo nome e, diante do busto da escritora, realizou unha lectura de poemas e unha ofrenda floral.

Poemas como “Nasín cando as prantas nasen”, “Negra sombra”, “Unha vez tiven un cravo”, “Campanas de Bastabales”, “Adiós ríos, adiós fontes”

E para rematar, o poema que Federico García Lorca adicou á nosa poetisa:

“Canxón de cuna para Rosalía de Castro, morta”

¡Érguete, miña amiga, que xa cantan os galos do día!

¡Érguete, miña amada, porque o vento muxe coma unha vaca!

Os arados van e ven dende Santiago a Belén,

Dende Belén a Santiago un anxo ven en un barco.

Un barco de prata fina que trae a dor de Galicia.

Galicia deitada e queda transida de tristes herbas.

Herbas que cobren teu leito e a negra fonte dos teus cabelos.

Cabelos que van a ô mar onde as nubes teñen seu nidio pombal.


¡Érguete, miña amiga, que xa cantan os galos do día!

¡Érguete, miña amada, porque o vento muxe coma unha vaca!



AIRIÑOS AIRIÑOS AIRES... O Departamento de Galego organizou un bonito acto : profesorado, alumnado do instituto recitaron xunto con membros da Asociación Down.

DICEN QUE NO HABLAN LAS PLANTAS: Coreografía das alumnas de Artes Escénicas e Danza. Organizado por Belén Gato.



DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: 8-M

O Día Internacional da Muller, anteriormente denominado Día Internacional da muller Traballadora conmemora cada 8 de marzo a loita das mulleres pola súa participación na sociedade e o seu desenvolvemento íntegro como persoas, en pé de igualdade co home.

No IES Nosa Señora dos Ollos grandes conmemorouse esta data sinalada con varias actividades organizadas pola Biblioteca, Departamento de Dinamización Lingüística, Departamento de Filosofía e Departamento de Educación Plástica e Visual.

Celia Mariño, Silvia López, Sabela Leirado e Yago Atadell, de 2º de bacharelato puxeron voz a un dos actos que se celebraron o día 8 de marzo no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes.

Leron tres cartas escollidas da obra literaria Cartas de Amor de Fran Alonso. Quixeron recoller, con tres historias de ficción femininas, que ben poderían ser reais, tres crueis exemplos de violación de dereitos fundamentais e de privación da igualdade de oportunidades, só polo feito de seren mulleres.

Celia contounos a historia dunha rapaza saharauí, que retorna ao campamento de Tinduf;

Silvia a dunha muller inmigrante, que a punto de parir decide emprender unha viaxe, acompañada sempre do medo a ser deportada; e Sabela falounos dunha nena de nove anos que conta o día en veu visitala “a maldición...”

Para rematar o acto, Yago recitou o coñecido poema Libre te quero, coma desexo final de que unha forza imparabile de homes e mulleres nos empurre cara á igualdade de xénero.

Por outra banda, dende a Biblioteca tamén se elaborou un vídeo con alumnas do centro en diferentes idiomas reivindicando que o futuro é feminino.



O futuro é
feminino



Un grupo de nenas len na biblioteca un bonito conto en varios idiomas.

A MIÑA MULLER MARABILLA



O Departamento de Filosofía, xunto coa Biblioteca organizou un concurso de cartas adicadas á “**Miña Muller Marabilla**”. Julia Prado, Ana Álvarez e Gabriel Arias foron tres dos cinco gañadores e gañadoras (xunto con María Guo e Duarte Guerreiro)

Sen máis, compe reproducir algunhas das que foron premiadas. Veredes que bonitas!!

Duarte Guerreiro Legaspi

Alumno de 3º E de ESO

Blanca Muñoz Ayala

Naceu en Portomarín, onde o seu avó era médico e seu pai mestre, nunha bonita casa que agora está asolagada baixo as augas do río Miño.

Medra en distintas aldeas de Galicia, onde seu pai poñía escola. O seu primeiro día coa súa primeira mestra non fora moi agradable. Mandáronlle facer un debuxo e dixéralle que era un mamarracho. Iso fixo que ela como mestra apreciase sempre o traballo das súas alumnas e alumnos.

Só con dez anos marchou a Lugo a estudar e con dezanove xa tiña a súa primeira escola, á que levou a todos os seus irmáns para que puidesen

estudar e para descargar a seus pais.

A ela encantáballe o seu traballo. Vivía na casa do carteiro e desde alí andaba dous quilómetros para chegar á escola con todas as nenas e nenos.

Cos anos foi mudando da aldea para a vila e da vila para a cidade, pero a súa paixón polo traballo nunca mudou. Adicoulle máis de corenta anos da súa vida e nunca chegou a xubilarse.

Esta avoa miña paréceme unha gran heroína, que xa empezara co que lle gustaba con só dez anos e que nunca o abandonara... Nunca cheguei a coñecela, pero encantaríame poder facelo.

Gabriel Arias López

Alumno de 4º F de ESO

Emilia Pardo Bazán

Emilia Pardo Bazán naceu o 16 de setembro de 1851 na Coruña, á que ela se refería nas súas obras como “Marineda”. Amante da lectura comeza a escribir aos nove anos. Con quince escribe o seu primeiro conto, Un matrimonio do século XIX. Pasaba os invernos en Madrid, onde completou os seus estudos. En 1880 escribe a súa primeira novela, Pascual López,

autobiografía dun estudante de Medicina. O naturalismo introdúcese en España grazas á súa obra A cuestión palpitante (1883). Nesta liña naturalista inscríbense as súas obras máis relevantes, como son Os Pazos de Ulloa, A tribuna ou A madre natureza. Pardo Bazán foi, non só a muller máis relevante da literatura do século XIX, senón unha das primeiras mulleres

en darse a coñecer dentro da literatura española. En 1921 morre por unha complicación relacionada coa diabetes.

da literatura do século XIX, senón unha das primeiras mulleres en darse a coñecer dentro da literatura española. En 1921 morre por unha complicación relacionada coa diabetes.

Ana Álvarez

Alumna de 3º de ESO

A miña nai

Tras escoitar este título non puiden evitar pensar nunha persoa moi próxima e moi importante para min: miña nai.

Evidentemente o principal motivo polo que a aprecio tanto é porque é miña nai e, polo tanto, compórtase como tal: preocúpase por min, dáme cariño, axúdame en todo o preciso...

Admíroa polas moitas cualidades que ten como persoa, entre as que destacan: é moi traballadora, responsable, loitadora, hospitalaria, e antepón o benestar do demais ante o seu. Sempre intenta axudar coa mellor intención, sen esperar algo a

cambio.

Unha das súas afeccións é a cociña, de feito practícaa case todos os días na casa. Atreveríame a dicir que é unha excelente cociñeira. De vez en cando convértome na súa aprendiz ou pinche de cociña á hora de preparar pratos sinxelos. É algo moi entretido e o tempo pasa voando. Ela di que a cociña é un laboratorio, e non lle falta razón.

Para min miña nai é un exemplo a seguir e considéroa increíble. Desde logo teño unha gran sorte de tela e síntome moi orgullosa de ser a súa filla.

Julia Prado

Alumna de 3º de ESO

A miña mellor amiga

A miña muller marabillosa é a miña mellor amiga.

Ela é unha adolescente co pelo loiro e estatura media. Parece coma unha persoa calquera, pero non o é. A miña mellor amiga é unha persoa especial, e non sabería como agradecerlle todo o que fai por min. Fíxome ser a persoa que son hoxe en día, e non paro de aprender dela. É o meu exemplo a seguir.

É a única persoa que sei que pase o que pase vai facer todo o que estea nas súas mans para facer felices aos demais. Loita polas súas crenzas e

axúdame sempre a pesar de todo.

Ademais é unha loitadora. Ela pasou polas situacións máis difíciles e superounas, por moito que lle custase, e se non as superou eu estou máis que segura de que as vencerá de novo. Porque aínda que teña momentos de baixón, consegue levantarse, e iso non o sabe facer moita xente.

A miña mellor amiga é unha muller marabillosa, porque me fai feliz, compréndeme e para min é perfecta.

Deberíanse aplicar medidas anti-covid en situacións post-covid?

Alumnado de 1º C de ESO

Carlos Villamor Castiñeira (Coordinador do Club de Ciencia)

Club de Ciencia en 1º C de ESO

Neste traballo pretendeuse averiguar información que permita coñecer os datos sobre as concentracións de CO₂ ás que se estaba exposto antes da pandemia e as posibles solucións.

A medición de CO₂ é un bo parámetro para medir a calidade do aire: cando a ventilación é insuficiente, a concentración de CO₂ supera a cantidade de 1000 ppm (partes por millón) e indica un mal funcionamento do sistema de ventilación.

O dióxido de carbono é un gas asfixiante simple que actúa por desprazamento do osíxeno e que a elevadas concentracións pode causar dor de cabeza, mareos, somnolencia e problemas respiratorios.

No aire hai entre 300 e 400 ppm, acadando en zoas urbanas valores de ata 550 ppm ou superiores.

Nunha situación pre-pandémica o alumnado de primaria e secundaria pasaban un 84% do tempo nunhas condicións de concentración de CO₂ desfavorables.

Diferentes estudos apuntan a que concentracións de por enriba das 1000 ppm alteran as capacidades cognitivas, é dicir, aquelas que se refiren ao relacionado co procesamento da información, isto é: a atención, a percepción, a memoria e a resolución de problemas, comprensión, entre outras.

Material e métodos

O experimento realizouse na aula 3.01 de primeiro de ESO C do instituto IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo. Nesta aula con dezanove persoas e unhas dimensións de 3,45m de alto, 5,25m de ancho e 9,6m de longo pecháronse as ventás e a porta e, coa axuda dun aparello para medir gases, rexistráronse, cada minuto e durante dez minutos, as concentracións de CO₂.

Obtivéronse os resultados que se amosan na táboa:

Tempo (minutos)	Concentración de CO ₂ (ppm)
1	498
2	546
3	601
4	620
5	644
6	664
7	708
8	750
9	800
10	849

A partir dos datos obtidos construíuse unha gráfica para comprobar o aumento das concentracións de CO₂ ás que estabamos expostos nas situacións prepandémicas co obxectivo de saber canto tempo tería que transcorrer para acadar entre 1000 e 3000 ppm.

Resultados


Na táboa observouse que ao longo de dez minutos coas ventás pechadas hai un incremento da concentración de CO₂ chegando a 849 ppm.

Empregando a ecuación da recta do gráfico (coa axuda do profesor), calculouse canto tempo pasaría ata acadar as 1000 ppm: 14,1 minutos. En 70 minutos chegaríamos a 3000 ppm aproximadamente. Valores de concentración que reducirían o rendemento escolar (a partir de 1000 ppm) e mesmo serían perxudiciais para a

saúde (3000 ppm).

Conclusión

Tras analizar os datos obtidos, conclúese que se deben manter as ventás abertas cada quince minutos durante un período de tres a catro minutos, o cal se estimou suficiente para restaurar valores iniciais, evitando manter no tempo concentracións de CO₂ por enriba de valores perxudiciais, que alteren as capacidades cognitivas do alumnado.



3º C de ESO co seu profesor na aula 3.1

VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA

O voluntariado na Biblioteca é un programa de colaboración do alumnado moi interesante e co que se traballan diferentes competencias. Ademais, o alumnado obtén un diploma de mínimo 15 horas expedido pola Rede de Voluntariado Galego, da que pasan a formar parte.

ENTREGA DE DIPLOMAS ÁS ALUMNAS DO CURSO 2019/20



As eficientes voluntarias do curso pasado recibiron os seus diplomas no mes de febreiro, certificacións oficiais das súas horas de dedicación á biblioteca. Foi un pracer contar coa súa compañia, a delas e doutras tres que faltan na foto.

Unha das voluntarias que falta na foto, Alba López Bruzos de 2º de BAC, déixanos aquí un artigo onde nos conta o seu punto de vista sobre esta actividade que vén desenvolvendo desde hai tres anos.

Alba López Bruzos

Alumna de 2º de BAC

Cando penso na biblioteca do noso centro, síntome afortunada por ter formado parte do seu grupo de voluntariado. Pertencer a ese grupiño de axudantes é una experiencia que recomendo moito vivir.

Os voluntarios e as voluntarias levamos a cabo unha gran variedade de actividades: desde a colocación de libros ata a colaboración en eventos vinculados á biblioteca pasando por decorar os paneis do corredor, emprestar libros, etc. O mellor de todo é que Belén Gato Gómez, a coordinadora da biblioteca, sempre nos permite escoller a que actividade nos queremos adicar. Deste xeito, asegúrase de que a todos e a todas nos gusten as tarefas que estamos a desenvolver.

Penso que é moi necesario que existan persoas que colaboren coa biblioteca porque nela lévanse a cabo unha gran variedade de actividades, que necesitan moito traballo para poder ser sacadas adiante.

Na miña opinión, formar parte deste grupo non só supón a posibilidade de levar un título para casa, senón que tamén significa marchar cunha desas experiencias que nunca se esquecen. Grazas a todas as persoas que, dalgún xeito, axudan a que a biblioteca sexa un lugar tan especial como é. Especialmente, grazas a Belén, por traballar con tanta dedicación e paixón para crear un espazo no que todas as persoas se sintan realizadas e cómodas.

Erasmus BET: INTERCAMBIO VIRTUAL

Oscar Rodríguez de Vivero

Alumno de 4º de eso



A semana do 22 de marzo, algúns alumnos que cursamos a materia de Economía de 4º de ESO participamos nun proxecto consistente nun intercambio cultural virtual con estudantes dos centros Powiatowe Centrum Kształcenia Zawodowego (Polonia), Druskininku Ryto Gymnasium (Lituania), Colegiul buzau económico (Romanía) e Instituto Galileo (Italia).

O proxecto, cuxo nome completo é “Erasmus+ Let’s bring Europe together for heritage”, tiña o obxectivo de concienciar aos participantes na importancia da preservación do patrimonio

histórico e cultural. Tratando de poñer enriba da mesa ideas ou proxectos xa existentes para facer rendible o patrimonio, o noso instituto expuxo aos demais participantes un traballo acerca dos Paradores do noso país. Os Paradores son aloxamentos de propiedade estatal situados en edificios emblemáticos que teñen como fin rendibilizar o patrimonio, motivo polo que foron escollidos para o noso traballo.

Por outra banda, durante os tres días que duraron estas xornadas de intercambio por videoconferencia, os centros polacos, no seu papel de anfitrións, organizaron actividades que trataban de suplir ás que realizaríamos se a mobilidade permitise unha cita presencial. Estas actividades consistiron en vídeos e xogos interactivos que evitaron que perderamos unha grande oportunidade de aprender da cultura e da arte polaca.

En definitiva, esta foi unha ocasión para adoptar un enfoque internacional nunha cuestión que escoitamos frecuentemente nas novas, a preocupación dos gobernos por manter intacto o patrimonio. Na nosa opinión, este enfoque internacional permitiunos abrir a mente a realidades lonxanas, pero non tan diferentes como adoitabamos pensar. Por último, foi tamén unha proba da importancia dos coñecementos que diariamente adquirimos nas nosas clases de Inglés e de Economía.



CONCURSO DE PINTURA DO Goethe-Institut TOKYO

Helena García Mouret

Alumna de 3º F de ESO

O alumnado de terceiro da ESO que pertence á rede de centro PASCH (centros colaboradores co Goethe Institut que tenta promover a aprendizaxe do alemán) tivo a oportunidade, durante as primeiras semanas do mes de abril, de participar nun concurso.

O devandito concurso fomenta o papel que está a desenvolver a dixitalización nas nosas vidas cotiás e como pode chegar a afectar ao deporte nos próximos 50 anos.

A partir desta idea o Goethe-Institut Tokyo organizou unha dinámica de pintura para os Xogos de Verán do 2021 en Xapón.

Os participantes (en grupos de máximo tres membros ou en solitario) debían debuxar nunha cartolina din A3 a súa visión das futuras modalidades olímpicas no ano 2076, así como escribir cinco frases en alemán sobre o que se intenta fomentar co debuxo. As ideas contemplan a fusión dos deportes, a desaparición

doutros, novos materiais, atletas ou estadios dixitais...

Por exemplo, o meu grupo centrouse na fusión dos deportes terrestres cos acuáticos. Empregamos o deporte do Lacrosse como base e o Flyboard como complemento. Esa idea ocorréusenos de seguido. Tiñamos diversos modelos sobre deportes terrestres e acuáticos, ata que unha de nós dixo “Que vos parece se os fusionamos?”. Puxémonos mans á obra e despois de catro clases e os últimos retoques nas nosas casas, démololo por finalizado.

Os premios que se ofrecen son para o 1º posto: artigos de Mercancía Limitada, para o 2º xunto co 3º: Calendarios xaponeses, Conxuntos de Postais e outros Premios Exclusivos; ademais da exposición dixital dos debuxos máis bonitos, que terá lugar do 20 de xullo ao 7 de agosto de 2021, no Goethe-Institut Tokyo para os Xogos de Verán de 2021.



COMO É A NOSA AUXILIAR DE CONVERSA DE ALEMÁN?

Ola!

Chámome Vanessa, teño 24 anos e traballo como auxiliar de conversa de alemán no instituto.

En Alemaña estudo Xeografía e Lingua Castelá na universidade de Bonn, no oeste do país, para ser algún día profesora.

Despois de sete meses case xa estou rematando a miña estancia aquí. Aínda que foi un ano escolar un pouco distinto e algo máis complicado paseino moi ben en Lugo e no voso instituto.

Tiven clase con todo o alumnado de alemán, dende 1ºESO ata 2ºBAC. Ás veces fixemos cousas do libro e ás veces cousas de “Landeskunde“ (cultura), que me gustan moito. Por exemplo, vimos as tradicións do entroido en Alemaña e en particular da miña zona, que é famosa pola súa festa de entroido. Alén disto vimos tamén como se celebra o Nadal e a Semana Santa en Alemaña e o vocabulario desas festas. Penso que é unha boa maneira para achegarse a unha lingua e a cultura dos países onde se fala.

Como me gusta ensinar cultura na clase, tamén me gusta coñecer a cultura dun país ou lugar onde vivo. Normalmente aproveito as estancias

no estranxeiro para viaxar e ver sitios distintos pero este ano isto foi un pouco complicado. A verdade é que non viaxei moito nese ano mais así coñecín mellor a cidade. Encántanme as posibilidades de pasear tanto na muralla como pola zona dos ríos. Senón estou por alí, estou no parque, descubrindo os barrios máis lonxe da miña casa ou estou no curso de galego na E.O.I. Entón, como os meus alumnos de alemán están estudando a miña lingua (e as veces están loitando con ela...), tamén estou estudando a vosa lingua (e tamén loitando as veces, sobre todo coas contraccións...). As linguas parécenme unha cousa moi importante e interesante e gústame moito a gran variedade de linguas que se pode aprender no instituto. Aproveitádeo!

Para rematar quedame só por dicir que gocei moito o tempo aquí e que vou marchar con recordos moi bos.

Grazas a todos e todas polo tempo xenial aquí, sobre todo ao “meu“ departamento, o departamento de Alemán!



Manuel Buíde Gilsanz

Ainoa Figueroa Cid

María Rey Rodríguez

ENTREVISTAN A:

Arne Dennin: 19 anos, está realizando un ano de voluntariado no noso centro.

Lidia Motz: 26 anos, profesora de prácticas. Está realizando dende marzo ata finais de xuño unhas prácticas no noso centro.

Vanessa Kemp: 24 anos, lectora de alemán do centro durante todo o curso.

1. De onde es? Vives nunha cidade grande ou dunha vila pequena?

Arne: Eu son de Alemaña; onde eu vivo é unha cidade mais ben pequena.

Lidia: En Alemaña, en Colonia unha cidade grande.

Vanessa: Son de Alemaña, de Siegburg, unha cidade máis pequena que Lugo.

2. Por que decidiches estudar español?

Arne: Eu por sorte tiven a posibilidade de estudar español no instituto. Estudei francés e o español pareceume similar e decidín aprendelo.

Lidia: Crieime en bilingüe pola miña familia. A miña nai é española.

Vanessa: Porque me gustaba.

3. Es profesor/a no teu país?.

Arne: Non.

Lidia: Si.

Vanessa: Aínda non.

4. Por que decidiches vir a Galicia para facer o voluntariado/de prácticas/como lectora de alemán?

Arne: Tiven a oportunidade de poder facelo por ser un centro PASCH.

Lidia: Porque parte da miña familia e de aquí e gústame o lugar.

Vanessa: Porque os meus compañeiros de piso de León, onde fun estudante de Erasmus, dixéronme que Galicia era moi bonita.

5. Estiveras antes en Galicia? Que é o que máis che gusta de Galicia? E o que menos?

Arne: Nunca estiven en Galicia, só coñezo Lugo; Unha das cousas que máis me gusta é a xente que hai. É unha rexión auténtica e non tan turística como as do sur. Non hai nada que non me guste estou moi contento.

Lidia: A última vez que estiven aquí tiña seis anos. A praia, a comida e a xente é o que máis me gusta. O que menos, o mal tempo.

Vanessa: Si. En vacacións. En xaneiro. Cando vivía en León. O que máis me gusta é a natureza e o que menos me gusta é a chuvia.

6. Como son os institutos da túa vila? Son moi diferentes a este? Materias, horas de clase...Déixanlles usar móbiles aos nenos e nenas alemáns/franceses?.

Arne: Son parecidos, case iguais, pero un das diferencias que hai e que aquí hai ciclos formativos é onde eu vivo non os hai. As materias son similares, o horario e algo diferente normalmente adoitan comezar antes e acabar antes, os recreos por exemplo, son distintos xa que as veces as clases duran máis de 50 minutos entón hai tres recreos de 20 minutos cada un. Non permiten o uso dos móbiles, soamente no caso de que precisen buscar información.

Lidia: De tamaño iguais bastante parecidos en todo pero se dan máis horas de linguas estranxeiras.

Vanessa: Os institutos na miña cidade son máis ou menos iguais que aquí. No

que se refire ás materias Xeografía e Historia son dúas materias diferentes e temos menos horas de Matemáticas e moitas máis de idiomas estranxeiros.

7. Que é o que máis che gusta e o que menos do noso instituto?

Arne: A xente é moi simpática, polo de agora non hai nada que non me guste.

Lidia: Os profesores son maravillosos. O timbre non me gusta.

Vanessa: O que menos me gusta é o son do timbre e o que máis me gusta son os profes e a boa relación que hai entre eles. Bo teamwork.

8. Cantos idiomas estranxeiros estudan os nenos e nenas do teu país?

Arne: Eu aprendín inglés, francés e español. Os nenos e nenas estudan alemán como lingua materna. Inglés francés ou español como segunda lingua estranxeira

Lidia: Mínimo, hai que estudar dúas linguas de maneira obrigatoria e sempre máis de dúas horas á semana.

Vanessa: Hai que cursar polo menos dúas linguas. E hai máis horas de clase de linguas estranxeiras que aquí. Dúas sesións de 50 minutos é moi pouco. No bacharelato necesitas dous idiomas estranxeiros.

9. A que idade empezan a aprender linguas estranxeiras?

Arne: O inglés comézase a aprender cando tes entre 6 e 8 anos, as outras linguas estranxeiras ben sexa o francés ou o español comézase a estudar con 12 anos

Lidia: depende da comunidade pero entre os 6 e os 8 anos.

Vanessa: Os rapaces xa poden empezar na gardería cos idiomas estranxeiros pero depende de cada Bundesland (rexión). Normalmente empezan en 1º ou 3º de Primaria.

10. En Alemaña cal é a lingua estranxeira máis estudada polos nenos e nenas da nosa idade?

Arne: O inglés.

Lidia: Inglés.

Vanessa: Inglés e, de segunda lingua, francés pero o español está en auxe. Aos nenos e nenas alemáns gústalles estudar español?

Arne: Eu creo que si, aínda que depende dos menos.

Lidia: Penso que si.

Vanessa: Si. Polas vacacións, polas cancións porque moitos teñen familiares con casas en España.



Todos os protagonistas, menos María

OS RÍOS COMO FONTE DA VIDA E DA ARTE

Alfonso Blanco Torrado, crego, animador sociocultural, escritor, fundador e coordinador de XERMOLOS, presentou no IES Nosa Señora dos Ollos Grandes ao alumnado de 4º de ESO o Paseo dos Soños.

O alumnado de 4º de ESO, na materia de Educación Plástica e Lingua Galega fixo este traballo sobre o Hectómetro literario.

Alfonso Blanco faloulles da importancia que ten a rapazada na vida dos pobos e o importantes que son os tempos e os espazos de lecer, entre os que adoitan estar sempre os ríos, e mesmo os regatos. Exemplo diso é o regato de Cepelo, tan importante para Manuel María. Explicou que foi por iso que impulsou, desde a asociación XERMOLOS o Festival de Pardiñas, que así se chama porque se celebra no lugar do mesmo nome.

Velaí o traballo feito polo alumnado:



Momento do encontro co alumnado de 4º de ESO

Algunhas das preguntas que lle fixeron a Alfonso Blanco:

1. Por que escollestes ese lugar para facer o Paseo dos Soños? ALBA RIVERO-4º

Por atopar no Río Madalena alguén acolledor para

nós e para todas as criaturas que conviven con el. Mesmo recolle no seu lombo os soños e os saloucos das e dos que nos achegamos ao seu fluír.

2.- Pensades engadir máis autores ao Paseo dos Soños?. CARMEN-4º F

Si, na medida que nos deixo o noso colega o río, sempre sen perxudicar o seu curso nin as outras criaturas da súa contorna. Mesmo este ano imos erguer o hectómetro dedicado ao escultor, pintor e poeta Victor Corral de Baamonde: unha das pombas que definen a súa arte dende fai décadas. Son sempre monumentos que respectan as dimensións da natureza, endexamais a escurecen, pola contra axudan a brillar con máis luz.

3.- Levas feito moitas charlas sobre o Paseo do Soños?. AIDA FREITAS-4º F

Si, tanto en centros de ensino coma colectivos culturais. Pero o que máis me impacta son as aulas abertas ao seu pé, sentindo a súa música e desfrutando das súas augas limpas e frescas, porque o Madalena é moi cantareiro. Así, lembro con emoción a visita da Ruta Quetzal, mozas e mozos de varios países que desfrutaron das esencias das letras chairegas, mesmo lendo e traducindo os versos gravados en pedra e ferro.

4.- A que idade entraches na Asociación Xermolos?. ANTÍA REY ALONSO-4º E

Aos 26 anos, cando cheguei a Guitiriz. Fundámola a xente moza para reivindicar un espazo creativo na veciñanza, no que cultivásemos a nosa creación.

5.- Como xurdiu a idea para formar a asociación?. CANDELA LÓPEZ FERNÁNDEZ. 4º F

Daquela non se valoraban as achegas da mocidade e nós queríamos aportar o noso xeito ás festas, aos centros de ensino, aos deportes... Viñamos dunha ditadura e tampouco se apreciaba a colaboración do conxunto da poboación. Reivindicabamos a creación de asociacións para canalizar as inquietudes de todas e todos, e dar a coñecer a identidade de Galiza daquela escurecida.

6.- Que é e porque se celebra a Festa da Fala? - PABLO RIAL 4º B

A Festa da Fala é a celebración das Letras Galegas o domingo despois do 17 de maio no San Alverte ao pé do Río Parga, partillando a creación da nosa comarca: música, literatura, artesanía... Aproveitamos unha romaxe que ven dende a antigüidade: “o patrón da fala” ao que lle ofrecen as nenas e nenos para que non teñan trabas na fala, e así ofreceron de nenos a escritores tan importantes coma Manuel María, Díaz Castro, Agustín Fernández Paz...

7.- Que significaron todas estas iniciativas para Guitiriz?- MATEO BARRIENTOS. 4º E

Fieis ao berro “Somos un pobo de artistas”, Xermolos é unha plataforma que permite dar a coñecer as artes que están a abrollar na veciñanza. Tamén crea vencellos coas outras comarcas, mesmo dando a coñecer o noso patrimonio e a nosa historia. Incrementamos a vida cultural e tamén as súas diversións.

8.- Que é o máis importante de 40 anos de Xermolos?- LAURA MESA-4º E

A capacidade de provocar a unión de moitas vontades a prol duns mesmos obxectivos pro ben común, harmonizando a pluralidade da sociedade coma un enriquecemento da colectividade. As nosas actividades funcionan grazas ao voluntariado.

9.- Cal é a súa principal fonte de inspiración para tantas actividades?. MIGUEL LÓPEZ ROIS-4º E

Buscar a colaboración de todas e todos dende a liberdade sen imposicións, xestionando entre todas e todos un mesmo proxecto comunitario sen marxinar a ninguén, convencidos de que todos podemos contribuír ao ben do colectivo..

10.-Que é o que máis che gusta do que fas?- CHARLIZE AMBICHO-4º E

Poder traballar en grupo para incrementar a ledicia, a igualdade, a saúde... da veciñanza, convencidas e convencidos de que camiñar á par é unha sorte que temos que aproveitar para ser máis felices.



ACERCAMENTO Á LINGUAXE DE PROGRAMACIÓN PYTHON

Na primeira semana de maio, os alumnos de TIC de 2º de BAC tiveron a sorte de contar con Efrén Arias Jordán, profesor de programación na Escola de Enxeñeiros do Campus Terra da Universidade de Santiago.

Efrén estanos acercando un pouco a unha das linguaxes de programación máis en boga nos últimos anos, Python. Unha linguaxe que utilizan moitas das grandes empresas do mundo tecnolóxico e que lles será moi útil a todos os alumnos, especialmente a aqueles que o próximo ano opten por un grao do mundo das enxeñerías e a informática.

Dende o departamento de Tecnoloxía só podemos estar enormemente agradecidas.

VISITA DE IRENE PIN

O pasado xoves 6 de maio a xornalista, escritora e creadora audiovisual Irene Pin, natural de Lugo, achegouse ó IES Nosa Señora dos Ollos Grandes para compartir co alumnado de 2º ESO C as súas experiencias no seu traballo como xornalista e como creadora no mundo audiovisual e na escritura.



A continuación, o alumnado do grupo de 2º ESO proxectou o seu vídeo “Unha adiviña moi matemática” e compartiron con Irene as súas experiencias no seu traballo no proxecto “Vídeo

Matemáticas” que están a facer na materia de Matemáticas.

A sesión rematou cunha rolda de preguntas á ponente.

ENTREVISTA A

DOUS DEPORTISTAS DO CICLO

Saúl Rodríguez Vega

Inma Lavado Fernández

1.-Como te chamas?

Resposta: **Saúl Rodríguez Vega.**

Resposta: **Inma Lavado Fernández.**

2.-Que deporte practicas?

Saúl: Piragüismo.

Inma: Voleibol.

3.-En que equipo xogas?

Saúl: No Fluvial O Barco

Inma: Xogo no Emevé Lugo e actualmente estou convocada a Selección Española de voleivol.

4.-Cando empezaches e por que?

Saúl: Aos nove anos porque me resultaba un deporte curioso

Inma: Empecei a xogar con nove anos. Eu quería practicar algún deporte. A miña prioridade era o fútbol, pero na miña vila non había equipo feminino. Avisáronme para que me apuntase no equipo de voleivol, fun e probei, e a verdade é que os primeiros días non me gustaba, pero continuei adestrando, e pouco a pouco foime gustando e chamando a atención.

5.-Canto tempo adicas ao adestramento?

Saúl: Agora, cos estudos en Lugo, a semana non presencial adestro seis días semanais dobrando adestramentos algún día con ximnasio, carreira...

Inma: Quince horas semanais.

6.-Como fas para compaxinar deporte e estudos?

Saúl: A semana que estou en Lugo intento manterme coas actividades que realizamos no

instituto. Cando estou na casa adestro polas mañás e polas tardes estudo.

Inma: Pois a verdade é que é bastante complicado, son moitas horas de dedicación ao deporte distribuídas durante o día e os estudos requiren, ao igual que o deporte, moitas horas para dar o teu mellor rendemento.

7.-Recomendarías a un adolescente empezar a practicar o teu deporte? Por que?

Saúl: Si, xa que é un deporte moi divertido e entretido, aínda que cando o tomas a nivel profesional implica moita disciplina e esforzo.

Inma: Si, é un deporte que necesita, como todos os demais, estar ao cen por cen para dar e aportar o mellor de ti ao resto dos compañeiros. É un deporte de equipo que te ensina disciplina e respecto, todo sobre compañeirismo, que che fai gozar con el e del.

8.-Engadirías algo máis que a ti che parece importante?

Saúl: Que o piragüismo é un deporte que ten moi pouca repercusión en España, aínda que temos grandes deportistas profesionais representándonos a nivel nacional e internacional.

Inma: Levar a vida dun deportista profesional a á vez a dun estudante non é nada fácil. Hai que ter en conta que as axudas ou facilidades son escasas, xa que dedicamos a maior parte do día á nosa vida como deportista profesional e non dispoñemos do tempo mínimo que require a vida de estudante. Por iso, temos que facer grandes esforzos e sacrificios.

A PELÍCULA NON DESEXADA

Ana M^a López Cela

(*membro do equipo Covid*)

Aló polo 12 de marzo de 2020, un xoves a media mañá, chegou a noticia en titulares da edición dixital de A Voz de Galicia: “a partires do vindeiro luns suspéndese a actividade docente presencial”. Todos marchamos aquel día para a casa pensando que en quince días estaríamos de volta. Cando finalizou esa quincena veu outra. Seguíamos pensando que despois da Semana Santa todo volvería ao seu. Non foi ata o verán cando nos decatamos de que o curso 2020/21 sería completamente distinto. Aínda hoxe a incerteza cara ó 2021/22 está lonxe de ser pequena.

Ao remate do verán fixemos, nun lapso de 15 días e dirixidos pola Administración Educativa, diferentes plans organizativos. Recibimos un protocolo, despois outro protocolo...

Logramos comezar na terceira semana de setembro, con normas xa claras e con algo de medo, se cadra porque a incerteza non é moi amiga da tranquilidade.

O IES Nosa Señora dos Ollos Grandes sufriu, por mor do cumprimento da distancia mínima necesaria entre persoas nas aulas, grandes cambios a nivel organizativo. O máis salientable deles, pola repercusión na vida cotiá dos alumnos e alumnas foi o horario: bacharelato debía ter clase polas tardes, catro sesións lectivas os luns e sete diarias de martes a venres. Os espazos dispoñibles non eran suficientes para seguir co marco horario habitual, había que facer dúas quendas. Os lugares e os tempos de lecer para os máis pequenos tamén se viron alterados. Corazóns da vida académica extracurricular coma a biblioteca cambiaron radicalmente, porque se converteron en aulas sempre que foi preciso ou porque moitas actividades non eran compatibles co protocolo sanitario. O traballo en laboratorios, aulas especiais como música, plástica... permaneceu moi limitado ou simplemente suprimido. Para os programas ERASMUS houbo inverniá, só puideron realizar actividades telemáticas.

Empezamos con “sentidiño”. Nas primeiras semanas,

outra vez as incertezas: seríamos capaces de cumprir o protocolo sanitario perfectamente?; produciríanse, aínda respectando normas, moitos contaxios?; poderían os rapaces e rapazas de bacharelato adaptarse a este horario? (a todas luces antipedagóxico).

E andando o tempo chegamos a Nadal, capeando a segunda onda sen apenas positivos. Sucedeu o mesmo coa terceira. Foron bastantes máis as corentenas por contacto con positivos, que por contaxios. Ningunha aula foi pechada. As ferramentas de ensino telemático serviron para manter contacto académico co alumnado que debía ficar na casa. A poucos días de que a avaliación final de segundo de bacharelato se celebre teño a impresión, baseada nos datos de todo o curso, de que os resultados académicos van ser parecidos aos habituais. Probablemente a desvantaxe imposta polas clases vespertinas puido ser compensada en parte polo descenso da ratio de alumnos por grupo. Poida tamén que os adolescentes teñan unha extraordinaria capacidade de adaptación aos cambios e ás dificultades.

Desde o punto de vista académico nada nos preocupaba máis que o marco horario e todo parece indicar que non vai deixar pegada no rendemento académico. Tamén queríamos evitar o peche de aulas ou mesmo do instituto a toda costa. Coa experiencia do confinamento do curso pasado sabíamos que o ensino telemático tería consecuencias moi negativas.

Neste momento, e “a ollo”, podemos afirmar que o número de contaxios producidos está por baixo do 4% sobre o total da comunidade educativa. Así que, como membro do equipo covid, atrévome a dicir: “misión cumprida con éxito”, aínda que a misión non sexa, desde logo, só nosa, senón de todos: alumnado, persoal de limpeza, conserxes, persoal de administración, familias e profesorado foron á forza os actores desta película non desexada, e cadaquén cumpriu co seu papel.

LETRAS GALEGAS 2021

Este ano, alumnado de segundo e cuarto de ESO traballaron nas súas clases de Lingua Galega a figura de Xela Arias, poeta á que se lle dedica o día das Letras Galegas. Na biblioteca do instituto presentaron biografía e obra da escritora e recitaron poesías. Non faltou a música, mesmo en vivo, da man dun violín e un contrabaixo.

Óscar Rodríguez (4º ESO) recitando e Lois Barreiro (4º ESO B) acompañando co contrabaixo:



A de quen comprende non é
palabra feliz
A de quen transmite é
terminoloxía útil.
Se na vida cotiá o balazo
non rebenta en estourido a estupidez, pouco
importa intelixencia ou sentimento.
...

María Crende (4º ESO B) recitando:

ACOMPÁÑAME

Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acibeques comigo.
Tamén sei dunha violencia do silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo
...



José López (4º ESO C) recitando:



No sangue do meu sangue.
No carne da miña carne.
Son a gran teta ofrecida,
a gran boca que te agarima,
a man enorme en recollerte.
Hei ser quen che mostre a reña
por te dirixir quen sabe a onde,
aunque coide procurar para ti
o máis exacto carreiro de estrelas...

Olalla Fernández (4º ESO B) recitando:



A heroína era unha romántica a debater criterios establecidos;

tamén un doído inventando vida limpa en vapores de alcohol

Hoxe o heroe ademais de Xoán que gabeaba a planta das fabas para abrir un paraíso tal

A pita choca, o paxariño malferido,

O caracol e os seus cornos ao sol.

O dedo grosso a comer o ovo,

ti sinalando en min o ollo de mamá.

Carmen Rodríguez (2º ESO F) recitando:

MONÓLOGO ADICTO I

Ignoro que lugar é este onde me atopo cos meus ósos e só silencios das palabras.

Detesto esa voz que vén tan alta coa que persegues da miña morte detalles.

Só teño para ti desexos primarios.

Despedazada, outros xa van gastados.

Un día tiveron desexos cumpridos, na roda da fortuna xoguei con talla.

Se xa só teño necesidades, que dis ti entre esas frases? É doutro que falas



Manuel Diéguez (1º ESO C) e Paula Cabanas (4º ESO F) recitando:



Xa non teño fala.

Despois de recorta-los verbos quedei sen lingua á que atender.

A nosa inmensidade remata un centímetro á redonda.

Non fales comigo,

deixei á posta o código

nas escaleiras de entrada ás casas.

Manuel Fernández (4º ESO B) recitando:

INTEMPÉRIOME

Hasme oír;

agora busco que conxugues

ben o verbo dos posibles, e que ti esquezas esa radio de cousas previas

amarrada sempre aos pensamentos.

...



Alessander Pérez (4º ESO C) recitando:



VIDE .

Convídivos é espectáculo do non ser para ser de todo.

Vide que vos convido
a vos ver.

Ven que te reto

a ter ver ti a ti desde ti en ti.

Juan Manuel Restrepo (2º ESO B) recitando:

INTEMPESTIVA
 serse intempestiva.
 É domea-la furia á procura
 da froita
 madura



David Basadre (4º ESO C) recitando, Duarte Guerreiro (3º ESO E) ao violín



De certo, a vida ía en serio

Por iso morrer non conta
números.

Eras moza,
 cómplice nunha derrota que non
 sumabas. Feliz por terte insomne
 por inmortal


...

Un acto, en resumo, como dixo na presentación a profesora Cristina Soto, para celebrar as Letras Galegas e tamén para celebrar a poesía, xa que a lírica foi historicamente moi importante para a nosa lingua.

Xela Arias naceu en Sarria en 1962 e morreu moi nova, no ano 2003. Iso non foi impedimento para que nos deixara unha importante obra poética sobre todo.

Abriu o recital unha presentación onde trataron vida e obra da autora sarriana.





Esta revista non tería sentido, nin sería posible, sen o traballo diario de toda a comunidade educativa. Constitúe simplemente unha pequena mostra do traballo feito ao longo de todo un curso, sobre todo no que se refire a actividades complementarias. No ano da covid-19, as actividades extraescolares fóra do instituto foron poucas, pero moi interesantes e realizadas con ilusión por parte do profesorado e do alumnado.

Cómpre felicitar a todos os que fixeron cousas tan bonitas.


E cómpre, ademais dar as grazas a todos os que participaron cun esforzo extra na elaboración deste pequeno documento que fai patente o que de verdade é importante: cada camiño emprendido para saber cousas novas por parte dos alumnos e alumnas e cada minuto adicado polo seu profesorado para guiar a aprendizaxe. Os departamentos de Lingua Galega, Plástica, Actividades Extraescolares, Matemáticas, Bioloxía, Tecnoloxía, Música, Alemán, Economía, Filosofía, Relixión..., Biblioteca, e moitos alumnos e alumnas fixeron posible esta revista, porque en cada actividade sempre había alguén en disposición de colaborar.



ALDAOLADO CON 3º ESO



2º ESO PARTICIPANDO EN DIGOCHO EU!!



NOS ANCARÉS



PASEO LITERARIO 2º ESO



